



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN REXIME DE LABORAL TEMPORAL, DE 3 DE PEÓNS DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS GALICIA SUMA TALENTO:RURAL ACTIVO (TR351G)

PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal de 3 traballadores como peóns (grupo de cotización 10) para o desenvolvemento da obra ou servizo denominado "PEÓN FORESTAL" segundo a subvención concedida a este Concello, pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento: TR351G). (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026)..

SEGUNDA.-DURACIÓN, TIPO DE CONTRATO E FUNCIÓNS DO POSTO.

O contrato laboral que se realizará coas persoas seleccionadas serán de duración determinada, na modalidade de contrato de traballo temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), a xornada completa, por un período de 9 meses, coa distribución de xornadas que estableza a Alcaldía.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse as necesidades do servizo.

Son funcións do posto entre outros: tarefas de limpeza de montes, tarefas de xestión da biomasa, desbroces e actividades de poda, xestión de residuos, tarefas de prevención de incendios forestais, mantemento de camiños forestais, limpeza de maleza, e calquera outra que se encomende de acordo co posto

TERCEIRA.- REQUISITOS

1.-Para seren admitidos ó presente proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a)Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea,



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.

c) Ter cumpridos 16 anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opte.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público

f) Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato, e consecuentemente ser candidatos/as previamente seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia, previa oferta de emprego realizada polo Concello de Muxía.

g) Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía, será obrigatoria a realización dunha proba de galego, de carácter obrigatoria. Este exercicio será cualificado de "apto" ou "non apto" (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias, e mantelos ata o día da contratación. Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE REALIZACIÓN DAS PROBAS.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1.- O proceso selectivo realizarase mediante presentación de oferta de emprego ante a oficina do Servizo público de emprego de Cee, co obxecto de dar cumprimento o establecido no artigo 14.4 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026

Unha vez recibida a lista cos candidatos seleccionados pola Oficina de emprego, procederase á publicación da mesma no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Muxía e, a título meramente informativo, na páxina web municipal, e os devanditos candidatos disporán dun prazo máximo de 5 (cinco) días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación, para presentar solicitude de participación no proceso selectivo nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.

As instancias dirixiranse ó Alcalde do Concello de Muxía e presentaranse preferentemente a través da Sede electrónica ou ben no Rexistro Xeral do Concello situado na rúa Real, 35, 15124 Muxía, A Coruña, ou na forma prevista nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Aquelas solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido a tal efecto, quedarán excluídas do proceso de selección.

Documentación:

As instancias irán acompañadas do DNI, tarxeta de desemprego, Celga 1 ou equivalente, se se posúe (se non é así deberá facer a proba de galego), xustificantes dos méritos alegados e requisitos exixidos.

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso

O Concello de Muxía dará publicidade á convocatoria e as bases de selección no taboleiro electrónico de edictos do Concello, presentará unha oferta de emprego ante a Oficina de Emprego de Cee facendo referencia aos requisitos que debe reunir o/a traballador/a a contratar conforme á base anterior.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

2.- O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, tendo en conta o establecido da orde do 22 de xaneiro de 2026 establece as bases que regulan as subvencións para o fomento



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento: TR351G). (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026) , debendo remitir ao Concello os candidatos correspondentes, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no artigo 14.6 da Orde citada anteriormente, tales como:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento

3.- A admisión de candidatos coincidirá coa selección realizada polo Servizo Público de Emprego.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

4.- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da corporación, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Muxía e, a título meramente informativo, na páxina web municipal indicando o prazo aos efectos de reclamacións ou emenda de erros. Na mesma resolución designarase ao Tribunal cualificador do proceso selectivo e o lugar e a data da celebración das probas da fase de oposición.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a súa omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que as solicitudes non deran lugar a emenda poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderán interpoñer os recursos procedentes en dereito.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional.

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora dalgunha das probas a realizar, a modificación publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Muxía e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.

QUINTA. TRIBUNAL.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía. Os seus integrantes deberán ser Funcionarios/as ou persoal laboral fixo ó servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade, paridade entre homes e mulleres e profesionalidade dos seus membros.

O tribunal non poderá constituirse nin actuar validamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaráselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente.

SEXTA.- PROCESO SELECTIVO.

O sistema de selección será o de concurso-oposición. Valoraranse unicamente os méritos debidamente acreditados polos aspirantes en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias

Fase de oposición.

Esta fase selectiva será de carácter obrigatorio e eliminatorio, cunha puntuación máxima de 8 puntos debendo acadar unha puntuación mínima de 4 puntos para superala. Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos e habilidades necesarias para acadar a puntuación mínima.

A fase de oposición estará composta polas seguintes probas:

1. Proba tipo test (4 puntos). Constará de 20 preguntas, que se puntuarán a razón de 0,20 puntos cada unha delas, sen penalización por preguntas non respondidas ou incorrectas, sobre os contidos relacionados no anexo 2.
2. Proba práctica (4 puntos). Consistirá nun máximo de 2 probas prácticas, relacionadas cos contidos no anexo 2. O Tribunal terá plena liberdade en canto a elección das tarefas a realizar na proba práctica coa finalidade de garantir a máxima adecuación ao contido do posto de traballo, así como en relación aos criterios de puntuación e valoración da mesma, tendo en conta en todo caso, a destreza con que se desenvolva, a pericia propia do oficio ou labor, a celeridade, a súa aptitude, observación das normas de seguridade e saúde e todos aqueles aspectos relevantes á hora de realización do traballo.

O Tribunal sinalará, antes de iniciarse cada proba, o tempo máximo que poderá destinarse a realización das mesmas, sen que en ningún caso poda exceder de 40 minutos.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO. Carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá a criterio do tribunal, nunha proba oral, unha redacción en galego, unha tradución do galego ao castelán e viceversa e/ou unha proba tipo test, nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes acrediten posuír o título CELGA 1 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, ou equivalente.

A cualificación será de apto ou non apto.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de "apto/a", e quedan eliminados/as do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a dita cualificación.

A non presentación ás probas no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar, e quedará excluído do proceso selectivo. As persoas aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

Unha vez rematada a fase de oposición e concurso, concederáselles aos aspirantes un prazo de dous días hábiles a efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte a publicación das puntuacións no taboleiro electrónico do Concello de Muxía

No caso de non presentarse alegacións os resultados terán carácter de definitivos.

Fase de concurso non será eliminatoria e levarase a cabo despois da fase de oposición.

- Cursos relacionados co posto de traballo (Máx. 1)

Por cursos e accións formativas directamente relacionados coas funcións propias do posto de peón forestal e coa prevención de riscos laborais, impartidos pola Administración pública, universidades, Inem, Sindicatos e axentes formadores homologados para impartición de cursos en Plans unitarios, Formación continua do AFCA (Acordo de formación continua para as Administracións Públicas) ou formación ocupacional especificamente relacionada co posto de peón forestal, 0´10 puntos por cada 20 horas acumuladas, ata un máximo de 1,00 puntos.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

- Estar en posesión de carné de conducir tipo B: 1 punto

PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO. Carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resposta oral ou por escrito a varias preguntas sobre o contido dun documento. Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización estar en posesión do título de CELGA 1. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 1 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, ou equivalente.

A cualificación será de apto ou non apto.

SÉPTIMA. LISTA DE SELECCIONADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS:

Concluídas as probas selectivas o Tribunal cualificador formulará proposta de contratación.

A proposta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Muxía na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación.

O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, na que figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados/as por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas. No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o/a aspirante aprobado/a non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo/a polo/a seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada.

Os/As interesados/as disporán dun prazo de dous días hábiles contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que estimen oportunas.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse polo Tribunal as alegacións existentes e volverase a publicar a lista cos resultados definitivos, designándose ás persoas que se propoñen para a contratación, así como a lista de reserva.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

De non presentarse alegacións a primeira lista, esta pasará a ter o carácter de definitiva, o que se publicará na mesma forma que a primeira.

No caso de empate de puntuación terán preferencia os aspirantes con maior puntuación no apartado de oposición e se persiste o empate por sorteo.

As persoas seleccionadas deberán de presentar no prazo de 2 días hábiles a partir da publicación do resultado da selección a seguinte documentación:

- Certificado da conta bancaria e número de afiliación da seguridade social.
- Declaración xurada de non atoparse separado do servizo de AAPP, nin estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

Formalizarase listaxe de reserva coas persoas que non obtiveron posto por menor puntuación.

OITAVA. INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

PROGRAMA- ANEXO 1

1. O Termo municipal de Muxía. Lugares de interese, parroquias e lugares de poboación.
2. Nocións básicas sobre seguridade e hixiene no traballo. Uso de equipamento de seguridade
3. Materiais, útiles e ferramentas utilizados na área de limpeza de espazos forestais. Uso e mantemento de maquinaria de uso habitual. Sinalización viaria en traballos de desbroce de cunetas.
4. Apertura e mantemento de camiños forestais: Rozar, aclarar, nivelar, etc.
5. Preparación, uso e mantemento básico da desbrozadora.
6. Preparación, uso e mantemento básico da motoserra



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

ANEXO II: MODELO INSTANCIA

D/Dona _____ con DNI _____

Enderezo _____ CP _____

Localidade _____ Teléfono de contacto _____

e-mail _____

Expón: que figurando a lista de candidatos publicada no taboleiro electrónico do Concello de Muxía e tendo coñecemento da apertura do prazo de presentación de instancias **para a provisión, en réxime de laboral temporal, de 3 postos de Peón forestal**, do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo

DECLARO:

- Que teño coñecemento e acepto na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo.
- Que cumpro coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos.
- Ser desempregado/a inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.
- Que autorizo ó Concello de Muxía para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos ou D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, á cualificación de probas e avaliación no taboleiro de anuncios do concello, na sede electrónica e na páxina web do Concello de Muxía ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección. Asemade, autorizo o traslado dos mesmos á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co obxectivo de xustificar a subvención concedida
- Que autorizo ó Concello de Muxía para recabar información do Servizo Público de Emprego requirido para xustificar a miña condición de persoa desempregada no momento do inicio do proceso selectivo e, no caso de resultar seleccionado/a, na data de comezo do contrato.

E efectuando pola presente Declaración responsable da exactitude e veracidade da achego copia da documentación que se aporta xunto á presente:

- 1 Copia do DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia
- 2 Copia da acreditación de coñecemento de lingua galega para exención de realización de proba de galego (CELGA ou equivalente)
- 3 Documentos que serven de proba para a xustificación dos méritos que se alegan para súa valoración.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Por todo o exposto **SOLICITA:**

Sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo para a provisión en réxime laboral temporal dos postos de peón forestal subvencionados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Asdo.: _____

Protección de datos

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE MUXÍA, con dirección RÚA REAL, 35, 15124 - MUXÍA (A CORUÑA); correo@muxia.es.

Finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

Prazo de conservación: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

Lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

Destinatarios de cesións: CONCELLO DE MUXÍA non cederá os seus datos de carácter persoal.

Dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Muxía dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@muxia.es, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Muxía, a de de 2026

Asdo.:

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUXÍA.